

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA PARA DESENVOLVER MEDIDAS PREVISTAS NO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

M^a Ángeles Domínguez Franjo, secretaria xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante IGVS),

DECLARA:

Que o IGVS formalizou ca Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza un acordo de colaboración para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o IGVS, para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se refiren a asegurar a existencia de recursos habitacionais suficientes e dignos para as vítimas da violencia de xénero (medias 75, 168 e 215 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero).

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

No mes de setembro de 2017, aprobáronse o Informe de Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero, así como o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero. A partir deles articulouse o Pacto de Estado contra a violencia de xénero que consta de 10 eixes e un total de 292 medidas competencias tanto da Administración Xeral do Estado, como das Comunidades Autónomas e das entidades locais.



O 4 de agosto de 2018 publicouse a Resolución pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se formalizan os criterios de distribución e a distribución resultante do crédito para o desenvolvemento polas Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, consignándose a partir dese momento os fondos correspondentes nos orzamentos da Secretaría Xeral de Igualdade.

O 6 de marzo de 2019 asinouse un acordo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o IGVS para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Ao abeiro deste acordo o IGVS realizou unha convocatoria de subvencións do Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero, con financiamento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, para o ano 2019, con financiamento plurianual. O 17 de abril de 2019 asinouse unha Addenda Técnica a este acordo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido dado que varias das medidas recollidas no Pacto de Estado, refírense a competencias específicas sectoriais que corresponde desenvolver, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Pública e Xustiza como ao IGVS, polo que ambos os dous departamentos consideran conveniente asinar un acordo de colaboración para unha xestión máis eficaz e eficiente das medidas a levar a cabo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional referido, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase electronicamente esta memoria.

